

Circular Tríatlon e Muller 15 de decembro de 2023

Convocatoria Encontro de Menores

IV Edición do Programa Amazonas A Coruña

Obxectivo: Promoción do tríatlon feminino.

Data: Venres, 22 de Decembro de 2023.

Nº Prazas: 30

Dirixido a :

- Deportistas femininas das categorías infantil, cadete e xuvenil (nadas entre os anos 2006 e 2011, ambos incluídos).

- Federadas FEGATRI da tempada.
- Non federadas (*).

- Adestradoras con licenza FEGATRI.

(* *Preferencia de inscrición para deportistas federadas FEGATRI*)

Lugar de Celebración:

Punto de Encontro: Porta lateral do Sporting Club Casino (Zapateira)
A Coruña



Inscrición e procedemento:

A inscrición será GRATUÍTA.

Prazo de inscrición: ata o mércores 20 de Decembro ás 20:00 horas.

Pódense comunicar as baixas ata o peche de inscricións enviando un email a fegatri@hotmail.com. Se unha deportista non se da de baixa a tempo, e non acude ao encontro sen causa xustificada, non poderá inscribirse no seguinte encontro.

O custe de 6 euros da licenza de un día para deportistas non federadas será subvencionado a través do programa Amazonas.

A listaxe definitiva de inscritas publicárase na páxina web da FEGATRI (www.fegatri.org) o xoves anterior ao encontro (21 de Decembro de 2023).

Procedemento:

FEDERADAS: Formalízase a través da páxina Web: www.fegatri.org , dentro do apartado <https://fegatri.org/inscricions/>, accedendo á proba de referencia.

DEPORTISTAS NON FEDERADAS (LICENZA 1 DÍA): A inscrición realízase on-line, a través da web da Federación Galega de Triatlón e Péntatlon Moderno www.fegatri.org, no apartado Competicións: competicións/Inscricións. Picar sobre a carreira e ir ó enlace de INSCRICIÓN. O pago faise a través de TPV. **Para validar a inscrición é imprescindible o envío da copia do DNI en vigor e formulario de autorización de protección de datos a través da plataforma co DNI de quen autorice a mesma** <https://fegatri.org/prezos-normativas/>

ADESTRADORAS CON LICENCIA FEGATRI: Formalízase a través da páxina Web: www.fegatri.org , dentro do apartado <https://fegatri.org/inscricions/>, accedendo á proba de referencia.

Outra información:

O encontro comezará ás **10:30 horas** e finalizará ás 14:00 horas.

Traballarase aspectos técnicos e tácticos de ciclismo, carreira a pé e natación.

As deportistas deberán acudir co material necesario para o desenvolvemento destas actividades (bicicleta, casco, zapatillas de carreira, bañador, gorro, gafas,...).

Para calquera dúbida ou consulta, podes enviar un correo ao seguinte enderezo electrónico triatlonemuller@fegatri.org

RESPONSABLE TÉCNICA DO ENCONTRO.

Marta Barbeito Domínguez (Adestradora Responsable do Programa Amazonas da Federación Española de Triatlón).